



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/6	O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Sesión constitutiva»
<b>Data</b>	17 de xuño de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 12.00 horas ata as 12.30 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Pablo Portela Fernández

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33538075G	Iván Morado Corral	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33317872A	María del Pilar Vázquez Ares	Si
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	Sofía Sánchez Miragaya	SÍ
33314153X	José Manuel López Rodríguez	SÍ
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
33317846T	María Margarita Pereira López	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ





## Concello de Guitiriz

76576366M	Monica Roca Ares	Sí
76578117P	Alfonso Losada Rodriguez	Sí

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Constitución da Corporación 2023-2027. Expte. 1101/2022

Na Vila de Guitiriz, cando son as 12.00 horas do día 17 de xuño de 2023, reúnen no Salón de Sesións deste Concello, previa convocatoria realizada ó efecto nos termos legalmente establecidos, os concelleiros e concelleiras electos que a continuación se relacionan, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, para proceder á constitución da nova Corporación municipal resultante das eleccións locais do pasado 28/05/2023, baixo a presidencia da mesa de idade, actuando como secretario da mesa de idade o secretario da Corporación, que da fé do acto e redacta a preceptiva acta da sesión.

O Sr. Secretario declara aberta a sesión constitutiva da Corporación de Guitiriz 2023-2027 tralas eleccións locais de 28/05/2023. Di que na presente sesión pública vai procederse á constitución da nova Corporación municipal e á elección de alcalde/sa de Guitiriz de conformidade co establecido na Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais aprobado por RD 2568/1986, conforme ao seguinte Orde do día:

#### **PUNTO PRIMEIRO.- Constitución da nova Corporación. Formación da mesa de idade.**

O Sr. Secretario procede á lectura do artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que establece o seguinte:

*"1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.*

*2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación*

*3. A Mesa comprovará as credenciais presentadas, as acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello remitira a Xunta Electoral de Zoa.*

*4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días*





## Concello de Guitiriz

*despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes.”*

O Sr. Secretario sinala que a mesa de idade estará integrada polo candidato electo de maior idade, D. Carlos Plácido Bujan Lopez, e o candidato electo de menor idade, don Ramón Rivas Villares presentes nesta sesión, e que poden pasar a ocupar os seus postos para presidir a sesión, actuando como secretario da mesa de idade o secretario da Corporación.

O presidente da mesa de idade declara constituída a mesa de idade por estar presentes na sesión as persoas a quen lles corresponde formalmente, procedéndose seguidamente conforme establece a Lei orgánica de réxime electoral xeral.

O vogal da mesa de idade sinala que procede a continuación a toma de posesión dos concelleiros/as previo xuramento ou promesa dos cargos, de acordo co artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que establece o seguinte:

*“No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.”*

O Sr. Secretario di que os candidatos electos de acordo coa acta de proclamación de candidatos da Xunta Electoral de Zona de Vilalba de data 2/06/2023 son os seguintes:

Polo partido socialista de Galicia-PSOE, que obtivo 1.578 votos e 7 concelleiros/as:

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira  
Dona Paula Campo Barral  
Don Iván Morado Corral  
Don Carlos Plácido Buján López  
Dona María del Pilar Vazquez Ares  
Don Ramón Rivas Villares  
Dona Sofia Sanchez Miragaya

Polo partido popular, que obtivo 954 votos e 4 concelleiros/a:

Don José Manuel López Rodríguez  
Don Alexandre Losada Buide  
Doña Maria Margarita Pereira López  
Doña María Guadalupe Prado Tomé

Polo partido Bloque Nacionalista Galego, que obtivo 629 votos e 2 concelleiros/as:

Dona Monica Roca Ares  
Don Alfonso Losada Rodríguez

O vogal da mesa de idade sinala que se comprobou como marca a Lei as credenciais dos concelleiros/as electos presentadas na secretaría da Corporación coa certificación emitida pola xunta electoral de zona de Vilalba, e que todos os concelleiros/as electos formularon as declaracións de bens e actividades segundo o artigo 75.5 da Lei de bases de réxime local e 108.8 da Lei electoral conforme ao modelo de declaración aprobado polo Pleno desta





## Concello de Guitiriz

Corporación.

O presidente da mesa de idade di que unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos legalmente esixibles aos concelleiros/as electos, procede prestar xuramento ou promesa do cargo de concelleiro.

O Sr. Secretario explica que para a toma de posesión utilízase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79 do 5 de abril, que é a seguinte:

*¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE GUITIRIZ CON LEALTADE AO REY E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?*

O Sr. Secretario lee a fórmula contestando cada concelleiro e concelleira electo o seguinte ao ser chamado:

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira: Si prometo.

Dona Paula Campo Barral: Si prometo.

Don Iván Morado Corral: Si prometo

Don Carlos Plácido Buján López: Si prometo.

Dona María del Pilar Vazquez Ares: Si prometo

Don Ramón Rivas Villares: Si prometo

Dona Sofia Sanchez Miragaya: Si prometo

Don José Manuel López Rodríguez: Si xuro

Don Alexandre Losada Buide: Si xuro

Doña María Margarita Pereira López: Si xuro

Doña María Guadalupe Prado Tomé: Si xuro

Dona Monica Roca Ares: Aclara que realiza o xuramento por imperativo legal.

Don Alfonso Losada Rodríguez: : Aclara que realiza o xuramento por imperativo legal.

O presidente da mesa de idade procede a declarar constituída a Corporación. Sinala que unha vez cumprido o disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral e no Real Decreto 707/79, esta mesa de idade declara constituída a nova Corporación de Guitiriz tras as eleccións locais celebradas o día 28/05/2023.

Consta no expediente arqueo extraordinario realizado en data 16/06/2023 e comprobación do inventario de bens en cumprimento do establecido no artigo 56 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, cuxos datos incorporaranse como anexos I e II á acta desta sesión constitutiva.

### **PUNTO SEGUNDO.- Elección de Alcalde/sa da Corporación.**

O presidente da mesa de idade anuncia que vai procederse a continuación á elección de alcalde ou alcaldesa do Concello de Guitiriz previa lectura do artigo 196 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

O Sr. Secretario procede á lectura do citado artigo 196 que establece o seguinte procedemento para a elección de alcalde ou alcaldesa:





## Concello de Guitiriz

"Na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a) Poden ser candidatos tódolos Concelleiros/as que encabecen as súas correspondentes listas.
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros/as (que son 7 na Corporación de Guitiriz) é proclamado electo.
- c) Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde ou Alcaldesa o Concelleiro/a que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.

O vogal da mesa de idade explica que poderán presentar candidaturas á alcaldía aqueles concelleiros e concelleiras electos que encabecen algunha lista, que deberán responder si ou non ao ser nomeados, co seguinte resultado:

- Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, polo partido socialista de Galicia, PSOE: Si
- Don José Manuel López Rodríguez , polo Partido Popular: Si
- Dona Monica Roca Ares, polo partido BNG: Si

O Sr. Secretario di que os candidatos e candidatas proclamados á elección de Alcalde son os tres seguintes:

- Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, polo partido socialista de Galicia, PSOE
- Don José Manuel López Rodríguez , polo Partido Popular
- Dona Monica Roca Ares, polo Bloque Nacionalista Galego (BNG)

O vogal da mesa de idade procede a dar comezo á votación dos candidatos/as a alcalde ou alcaldesa polo sistema de votación ordinaria a man alzada:

- Votos a favor da candidatura de dona Maria Sol Morandeira Morandeira, polo partido socialista de Galicia, PSOE: 7 votos
- Votos a favor da candidatura de don Jose Manuel Lopez Rodriguez, polo Partido Popular: 4 votos
- Votos a favor da candidatura de dona Monica Roca Ares, polo partido BNG: 2 votos

O Sr. Secretario realiza o reconto da votación cos seguintes RESULTADOS:

- Candidatura de dona Maria Sol Morandeira Morandeira: 7 votos (concelleiros/as do partido socialista de Galicia, PSOE)
- Candidatura de don Jose Manuel López Rodríguez: 4 votos (concelleiros/as do PP).
- Candidatura de Monica Roca Ares: 2 votos (concelleiros/as do BNG)

O Sr. Secretario di que ao obter a candidatura de dona Maria Sol Morandeira Morandeira a maioría absoluta dos votos dos membros da Corporación (7 votos), queda proclamada alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz dona Maria Sol Morandeira Morandeira .

O presidente da mesa de idade di que a Sra. Alcaldesa-presidenta electa debe prometer ou





## Concello de Guitiriz

xurar o cargo para o que foi elixida segundo esixe o artigo 40.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais:

*“Quen resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos”*

**¿XURAS OU PROMETES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ CON LEALTADE Ó REY E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?**

A Sra. Alcaldesa contesta si prometo.

O vocal da mesa de idade sinala que de acordo co disposto na lei dáselle posesión do cargo de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz facéndolle entrega do bastón de mando.

A Sra. Alcaldesa ocupa a Presidencia da sesión e realiza a correspondente intervención que e seguida das intervencións dos restantes candidatos á Alcaldía.

### ANEXOS

#### **ANEXO I: COMPROBACION DO INVENTARIO CON MOTIVO DA CONSTITUCION DA NOVA CORPORACION (ANEXO ACTA SESION CONSTITUTIVA DE DATA 17-06-2023)**

Xúntase índice do inventario xeral de bens do Concello de Guitiriz aprobado por acordo plenario de data 29/05/2012 e copia da certificación de dito acordo; e unha relación provisional de variacións no inventario de bens dende dita data que conlevará as correspondentes altas, baixas e outras modificacións cando se tramite formalmente o expediente de revisión/actualización/aprobación do inventario municipal de bens.

A seguinte relación provisional de variacións no Inventario de bens confeccionase por secretaría aos efectos únicos efectos de dar conta á nova Corporación municipal que se constitúe o día 17/06/2023 en cumprimento do establecido no artigo 86 del Texto Refundido de Régimen Local e no artigo 56 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, incorporándose como anexo á acta da sesión constitutiva:

#### I.ALTAS DE BENS

##### Inmobles (epígrafe 1):

-Finca con Referencia Catastral: 7022A125000400000FI e Localización: Chousa Pasos, S. Xoán de Lagostelle legada por Jose Luis Campo Ansele ao Concello de Guitiriz. Pendente de elevar a escritura publica e de inscribir no rexistro da propiedade.





## Concello de Guitiriz

-Nave industrial no polígono industrial de Guitiriz (parcela 1-2) con referencia catastral 7221955NH8872S0001KF. Adquisición onerosa a Guitec SL. Inscrita no rexistro da propiedade de 7/03/2022: Tomo: 521, Libro: 77, Folio: 190, Alta: 5.

### Vehículos e Mobles (epígrafes 5 e 7):

MAQUINARIA	Nº BASTIDOR/ Nº DE SERIE	PREZO DE COMPRA SEN IVE
Camión Grúa Basculante	Matricula 2472LGT Nº bastidor TYBFEA51ELDC03282	71.990,00 €
Camión con gancho multi basculante	Nº bastidor TYBFEA01CLDD06919	60.700 €
Rozadora de brazo sobre tractor	Marca Berti Modelo FB/P 600 SA	24.000 €
Motoserra	Nº serie 20202415404	322,31
Recortadora Manuel con Cortasetos	Nº serie 20 0700004	570,25 €
Hidrolimpadora	Nº serie 20000266	2.045,45 €
Rozadora-Trituradora de arrastre lateral para tractor	Nº serie 2012796	5.100 €
Rodillo vibrante monocilindrico	Modelo BW55E	6.316,2 €
Tractor para jardín	Modelo TC 342T	6.000 €
Vehiculo de recollida de lixo	Matricula 7384KWV Nº bastidor YV2V001A8KZ12	114.250 €

### II.BAIXAS DE BENS

### III.MODIFICACIONES DE BENS

### Inmobles (epígrafe 1):

-Modificación da porción de terreo encravado en parcela municipal no lugar A Raposeira-Santa Leocadia aprobado en Pleno de data 26/05/2022 que pasa a ter 1.572 m2.

### ANEXO II: ACTA DE ARQUEO

Natureza do informe:  Borrador  Provisional  Definitivo

Documento firmado por: Alcalde saínte<sup>1</sup>, A Interventora, OTesoureir0

Data última acta arqueo	30/05/2023	Data de arqueo	16/06/2023
Tipo de acta	Extraordinaria <input checked="" type="checkbox"/> Ordinaria <input type="checkbox"/>		
TEXTO DA ACTA			







## Concello de Guitiriz

Arqueo dos fondos existentes, comprobación das existencias en metálico depositados na Caixa municipal e nas entidades bancarias, con motivo da constitución da nova corporación.

### SITUACIÓN DAS CONTAS DE TESOURARÍA

Denominación	Importe
Caixa Corporación	0,00
ABANCA 2080 0122 46 3110000022	575.077,06 €
ABANCA 2080 0122 41 3110000040	52.303,00 €
ABANCA 2080 0122 45 3110000077	357.513,89 €
ABANCA 2080 0122 44 3110000157	22.677,50 €
BANCO SABADELL 0081 2166 3000 0100 2305	110.786,73 €
BANCO SANTANDER 0238 8162 06 0660000173	680.899,97 €
BANCO SANTANDER 0049 0091 00 2015342781	4.405,14 €

Os anteriores saldos bancarios son certificados polas entidades bancarios a data que constan nos mesmos, o que se manifestan xa que as contas bancarias non foron bloqueadas, polo que están operativas e durante a presente xornada, se poden producir diferencias polos diversos ingresos que nas mesmas se poidan producir.

A Interventora

O Alcalde en funcións

O Tesoureiro

<sup>1</sup> En cumprimento do disposto no artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE







## Concello de Guitiriz

---

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

